

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

POR 'MIGRACION'S'

O Cidade de Ourense de Poesía, para Rafa Villar

O xurado do premio, que chega xa á súa vixésima edición, destacou o "compromiso" da obra presentada.

Redacción - 18:18 01/04/2008

[Rafa Villar](#) gañou moitos certames de poesía dende que en 1991 se fixo co Bouza Brey. Pero o Premio de Poesía Cidade de Ourense forma parte do "top ten" dos galardóns literarios do país, como el ben di, debido á súa traxectoria de 24 edicións, á súa dotación económica e á lista de gañadores anteriores. e tamén polo seu carácter internacional, aberto a autores galegos e portugueses, o mesmo que o seu xurado. Este ano o xuri estaba conformado polos protugueses António Manuel Pires Cabral e Joaquim Ribeiro Aires, ambos os dous de Vila-Real, e polos galegos [Francisco Fernández Naval](#), gañador da pasada edición con Miño (que vén de ser publicada por Espiral Maior), Teresa Devesa Graña e Maria Luísa Calvo Cid.

Na súa acta salientaron "o carácter intenso e comprometido, así como a música e o ritmo interior que se inicia no primeiro poema e que se mantén constante até o final do libro". *Migracións* está formado por uns cincuenta poemas escritos por Rafa Villar ao longo de 2007, nos que destaca a súa implicación social, e as temáticas da inmigración ou a memoria histórica. Como vén sendo habitual nos premiados en Ourense, será publicado nos vindeiros meses por Espiral Maior.

Cinco anos despois do *Prestige*, Rafa Villar, un dos máis destacados voceiros de Nunca Máis, segue valorando a importancia do desastre e do movemento cidadán de resposta, tamén para a súa propia creación literaria: "foi un punto de inflexión na conciencia cívica, pero tamén marcou vitalmente a todos os que o vivimos, así que necesariamente inflúe na creación poética".